



Manuel Valeriano Alonso de León,

Alcalde de Camariñas (A Coruña)

Comprácese en invitarlle á inauguración do programa de actividades *"Sempre na nosa memoria"*, co que se conmemora o 10º aniversario do afundimento do Prestige e que se iniciará co descubrimento dunha placa de agradecemento ao Voluntariado, donantes e colaboradores que axudaron a Camariñas naqueles duros momentos.

O acto terá lugar no Centro Cultural "Casa de Pedra" de Camariñas, o **sábado 29 de decembro ás 12:00horas**.

Camariñas, 21 de decembro de 2012

Programa de Actividades *10º aniversario do afundimento do Prestige*: **SEMPRE NA NOSA MEMORIA.**
VENRES, 28 de decembro de 2012.

20:00horas. Casa do Alemán de Camelle

Cortexo fúnebre dende a Fundación Man á caseta - vivenda do Museo ónde serán soterradas as súas cinzas, como o artista desexaba.

SÁBADO, 29 de Decembro de 2012.

Casa de Pedra de Camariñas

12:00.h Descubrimento da **placa de agradecemento** ao voluntariado promovido polo Concello de Camariñas e programa Galicia en Color de Asociación de Profesionais de Turismo da Costa da Morte (APTCM)

12:10 h. Inauguración exposición *"Prestige, Sempre na nosa memoria"*.

Casa do Alemán de Camelle

18:30h. Apertura da exposición *"Man, Sempre na nosa memoria"*

19:30h. Presentación do libro *"Man, o Alemán de Camelle"* da autora Beatriz Maceda Abeleira e ilustrado por Laura Veleiro. Editado por Galebook.